

Non hai moito tempo, visitaba a obra recién inaugurada dun vello amigo, agustino irlandés, que leva nas misións toda a súa vida: Un Dispensario Médico pequeniño pero feito con mimo e cheo de letreiros: "Medicina General", "Odontología", "Laboratorio Clínico", "Farmacia", "Logopedia", "Problemas de Aprendizaje", "Escuela de Padres", "Catequesis Parroquial". ¡Todo no mesturado!. Confeso que me fixo pensar...

Os Evanxeos, cando definen o que Xesús foi e fixo falan de Evanxeo (Boa Noticia) e Evanxelizear (dar Boas Noticias). Polo tanto se ser cristián é seguir a Xesús, toca Evanxelizear. Que si, que non chega con dicir que non lle fago mal a ninguén, que nin mato nin roubo, que a cousa é moito máis radical (por aquilo de ir á raíz, ó fundamental). Trátase de vivir un cristianismo que nos identifique co Mestre Xesús, de seguilo a El con ilusión e sen condicións coma aqueles Doce Galileos, que o deixaron todo para irse con El e enchían a boca co "seguireite onde vaias" aínda que logo non fose para tanto... porque eran débiles e dubidaban... coma nós. Pero eles, despois de fallar, souberon renovar o seu si ó Señor ata entregar a vida por El.

Para poder facer eso hai que coñecer a Xesús cada día mellor, intimar con El, ilusionarse co seu proxecto, e saberllo comunicar ós que non o coñecen sobre todo compartindo a vida da xente porque onde os Evanxeos din "evanxelizear", os Feitos dos Apóstolos din "dar

testemuño". Evanxelizear, dar testemuño é o que cada día fan os misioneiros polo mundo adiante das formas máis curiosas e variopintas: uns atendendo unha parroquia, outros coidando enfermos en Hospitais, ou educando, ou curando, ou dando catequese... ¡ou facendo algo de todo! porque todo eso inclúe a Misión.

Dicir Domund é recordar que a Misión, a comunicación da fe é fundamental. Se non comunicamos esa fe é que ou non a hai ou non é a verdadeira fe. Unha fe que se garda no íntimo e que non aparece nunca ó exterior, non merece o nome de fe cristiá. Polo tanto hai que dicir hoxe e sempre

que É A HORA DA MISIÓN, aínda que sexamos poucos e nos sintamos un chisco envellecidos, Deus precisa de ti e de min, do noso tempo, da nosas ilusións, das nosas palabras, dos nosos cartos, de feitos concretos que lle berren ó mundo que o Reino de Deus está a medrar entre nós.

¿Que estás disposto a facer polas Misións? Se non facemos nada é que a nosa fe está morta. E se facemos pouco é porque a nosa fe é pequena...

Que María a primeira gran misioneira que nos deu á Xesús, sen gardalo cobizosamente para ela, bendiga a tódolos misioneiros, siga alentando á nosa Igrexa con moitas vocacións e nos axude a todos a ser xenerosos dando abundantemente do pouco que temos para que a Misión siga sendo posible hoxe, porque o Mundo, ferido polo egoísmo, precisa recibir Boas Noticias, precisa de Xesús...

